



DILIXENCIA

Para facer constar que na data de sinatura dixital da presente publícase, nos taboleiros de anuncios do Servizo de Cociña, no Hospital Universitario da Coruña, no Hospital Teresa Herrera, No Hospital Marítimo de Oza e no Hospital Abente e Lago, a proposta de quenda para persoal de Cociña do CHUAC para o ano 2024.

A proposta que se publica foi entregada aos representantes legais dos traballadores en reunión extraordinaria da Comisión Paritaria de Atención Hospitalaria celebrada o día 17 de novembro de 2023.

Sométese o documento a posibles propostas alternativas de quenda, formuladas polos/as traballadores/as ou polos seus representantes legais, no prazo de quince días naturais a contar desde o día seguinte ao da presente publicación, e que se achegarán a través do Rexistro do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

As propostas de quenda alternativas deberán cumprir coas seguintes premisas:

- Incluír todas as presenzas de cada unha das carteleiras
- Respetar o período mínimo de descanso ininterrompido de 12 horas entre quendas
- Respetar o período mínimo de descanso cunha duración media de 24 horas semanais, período que se incrementará co mínimo de descanso diario previsto no punto anterior

Asinado dixitalmente na Coruña,

Javier Fernández Nistal

Director de Recursos Humanos